



R amplía a capacidade da súa rede na comarca do Salnés

- *O operador galego realizou nos últimos meses un intenso traballo para reforzar a súa rede co obxectivo de ofrecer máis e mellores servizos ante o incremento do uso das telecomunicacións en fogares e empresas.*
- *Esta maior capacidade da rede de R faise extensible a máis de 32.000 fogares dos concellos de Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, O Grove e Sanxenxo, cuxos habitantes e negocios poderán beneficiarse dun sistema moi reforzado.*

Venres, 23 de abril de 2021.- O operador galego **R** aumentou a capacidade da súa rede en oito concellos da comarca do Salnés (Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, O Grove, Sanxenxo, Vilanova e Vilagarcía de Arousa). Grazas aos traballos realizados nos últimos meses pola compañía galega, máis de **32.500 fogares** destas localidades poden contar cuns servizos, se cabe, máis reforzados, e cunha rede máis homoxénea e estable.

R estivo a traballar na ampliación e mellora da súa infraestrutura, instalando novos equipos nos nodos de conexión que lles dan servizo a estas áreas, concretamente nos núcleos troncais de Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa. Isto permitiu dotar a rede do operador galego de maior capacidade e fortaleza para responder dun xeito máis áxil e estable ao aumento de tráfico en Internet e á demanda doutros servizos de telecomunicacións que se vén producindo dende o inicio da pandemia, hai xa un ano. Con este reforzo substancial da rede, o operador galego déixaa preparada de cara a novos aumentos do consumo de internet, TV e telefonía que poidan producirse de agora en diante.

Novas tendencias de uso e máis investimentos

A crise sanitaria alterou os hábitos de uso e as tendencias xerais da poboación á hora de consumir servizos de telecomunicacións. **O tráfico na rede incrementouse entre un 40 e un 50 %** dende o inicio da pandemia, con picos que chegaron a superar o 80% en situacións de máximas restricións á mobilidade, como ocorreu o pasado mes de decembro, cando se acadou un aumento do 82 % de accesos de banda larga con respecto aos consumos previos ao confinamento.

Todos estes traballos de mellora e aumento de capacidade da rede de **R** na comarca do Salnés forman parte do intenso traballo global desenvolvido pola compañía galega nos últimos anos para optimizar a cobertura dos seus servizos na comunidade, obxectivo que este último ano tivo máxima prioridade ante as crecentes necesidades de uso das redes. Esa inxente demanda levou o operador galego a realizar **un investimento de case 4,6 millóns de euros** para ampliar e reforzar as capacidades da súa rede de fibra en Galicia.

Ao tempo, estas actuacións complementáanse cos despregamentos de tecnoloxía FTTH en “zonas brancas” de Galicia (as que non gozaron nunca de servizos de alta velocidade), no marco dos plans Avanza do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital dos que **R** resultou adxudicataria nos últimos anos. En concreto, en 2020 conectáronse ás redes de nova xeración de **R** arredor de 30.000 vivendas na comunidade, o que supuxo xa un investimento de 9 M € que previsiblemente se aproximarán aos **10 M €** no peche de 2021.

Comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal